

Campionato Galego sub14 e sub16 2021

- Horarios e roldas:

1ª Ronda:	9:30 horas	27/3/2021	sábado
2ª Ronda:	16:00 horas	27/3/2021	sábado
3ª Ronda:	9:30 horas	28/3/2021	domingo
4ª Ronda:	16:00 horas	28/3/2021	domingo
5ª Ronda:	9:30 horas	29/3/2021	luns
6ª Ronda:	16:00 horas	29/3/2021	luns
7ª Ronda:	9:30 horas	30/3/2021	martes
8ª Ronda:	16:00 horas	30/3/2021	martes

Entrega de Premios o 30/3/2021 ás 19:30 horas

- Sistema e ritmo de xogo: suízo a 8 rondas, 90 m + 30 s/xogada.
- Os árbitros dos torneos son:
 - Sub16: Evaristo Rodríguez López principal e David Roca Vilariño adxunto
 - Sub14: Rodrigo Cubero Ferreiro principal e Oscar Bruno de Prado Rodríguez adxunto

BASES TÉCNICAS

- Empregarase o programa VEGA para os emparellamentos.
- A sala de xogo é o Salón Ulla-Sar; o recinto de xogo é a propia sala e os servizos do corredor de entrada.
- Os **sistemas de desempate** serán
 1. Resultado do encontro directo. Este sistema aplicarase só se todos os xogadores empatados a puntos xogaron entre si.
 2. Variante Brasileira do Bucholz (quitando a peor puntuación)
 3. Bucholz total
 4. APRO (media do performance dos rivais)

A efectos de desempate no Bucholz as partidas non disputadas serán consideradas como se xogara contra un opoñente virtual.
- Lémbrese a tódolos xogadores que non poden traer teléfono móbil á sala de xogo. Asemade está prohibido traer calquera outro dispositivo electrónico ó recinto de xogo
- Os xogadores deberán comportarse de forma que non deshonren o xogo do xadrez; en caso contrario daráselles a partida por perdida.

- O non cumprimento do protocolo COVID DXT Galego para xadrez por parte dalgún xogador pode ocasionar a perda da partida ou a expulsión do torneo.
- Perderá a partida o xogador que se presente na Sala de Xogo con máis de 60 minutos de retraso con respecto á hora de inicio da ronda. En ambos casos, quedará a criterio do Árbitro flexibilizar o tempo de tolerancia.
- A incomparecencia non xustificada dun xogador causará a súa automática eliminación do torneo.
- Non se permitirán análises de partidas na sala de xogo.
- Recoméndase aos participantes a notificación a algún árbitro cando, por razón xustificada, abandonen a sala de xogo no transcurso das súas partidas. Queda prohibido ós xogadores o acceso á sala de análise mentres as súas partidas estean en xogo.
- Unha vez rematada a partida, os xogadores chamarán ó árbitro á súa mesa e lle comunicarán o resultado segundo o protocolo COVID DXT Galego para xadrez.
- Unha vez colocada a ronda en info64 haberá media hora para reclamacións. Pasado ese tempo, non se admitirá a trámite ningunha posible reclamación.
- Non se permiten acordos de táboas antes de 20 xogadas. Unhas táboas pactadas sancionaranse co resultado 0-0.
- A organización resérvase o dereito a modificar as Bases do torneo sen outra obriga ca de publicalas na páxina web oficial do torneo ou no taboleiro de anuncios do torneo.
- **Director dos Campionatos: Angel Francisco Vilas Fernández, vicepresidente da FEGAXA e coordinador do protocolo federativo coa Secretaría Xeral para o Deporte.**

Segundo o apartado 6º do protocolo COVID DXT Galego para xadrez o director dos campionatos galegos é o coordinador para a implementación e seguimento do protocolo federativo, que será o interlocutor coa Secretaria Xeral par o Deporte, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento.

Será responsable de supervisar ou controlar o test ou control de saude dos deportistas, técnicos e árbitros nas acreditacións do primeiro día de competición. Encargarase do cumprimento do protocolo e da comunicación es seguimento das sintomatoloxías COVID que puidesen existir.

Padrón, 27 de Marzo do 2021